


## 1. Comentario dunha gráfica:

### Evolución de la población rural y de la población urbana en España en el siglo XX



Trátase dunha gráfica de barras que amosa a evolución da poboación rural e urbana de España entre 1900 e 2001. Reflexa a transición dunha sociedade agraria a unha urbana.

Nesta evolución pódense distinguir tres momentos clave. En primeiro lugar, o periodo entre 1900 e 1950, no que España era un país maioritariamente rural. En 1900, a poboación que vivía no campo era case o triplo que a das cidades. Entre 1950 e 1960 prodúcese o equilibrio e o posterior sorpaso da poboación urbana. É o momento en que as barras laranxas empezan a superar claramente ás azuis. Por último, o periodo entre 1970 e 2001, no que a tendencia ao incremento da poboación urbana acelérase, superando xa o 70% no ano 2001.



Estes datos amosan un progresivo proceso de urbanización, no que España pasa de ser un país predominantemente rural a urbano. Entendemos por urbanización o crecemento das cidades en tres frentes: poboación, espazo físico e influencia sobre o seu entorno. Este proceso iníciase con forza na etapa industrial (1850-1975), que coincide co gran crecemento reflectido no gráfico, impulsado polo desenvolvemento da industria e servizos. A partir de 1975 (etapa postindustrial) consolídase o modelo actual.

Ata a década de 1960 España era un país no que predominaba a poboación rural. A partir desa década, co éxodo rural e o desenvolvemento industrial e do sector servizos prodúcese un **traspaso masivo de poboación rural ás cidades**. Isto traducíuse no

crecemento das cidades e no declive do mundo rural, así como no envellecemento da súa poboación.

Hoxe máis do 70% da poboación española vive en núcleos urbanos. Existen, non obstante, grandes contrastes: mentres en Madrid máis do 90% da poboación é urbana, noutras provincias (Ourense, Teruel, Soria) este porcentaxe redúcese ao 50%.

## 2. Comentario de mapas temáticos



Trátase de dous mapas temáticos de España que representan distintos aspectos do sistema urbano. O primeiro mostra a distribución das cidades segundo o seu tamaño demográfico, mentres que o segundo reflicte a xerarquía urbana e as áreas de influencia das principais cidades mediante símbolos de tamaño proporcional. Ambos permiten analizar a organización territorial das cidades en España.

No primeiro mapa obsérvase que a distribución das cidades é desigual. As maiores concentracións urbanas sitúanse no litoral mediterráneo, no arco cantábrico, na área de Madrid e en Andalucía occidental. Pola contra, no interior peninsular predominan as cidades medianas e pequenas, con excepción de casos como Madrid ou Zaragoza. Esta disposición evidencia unha clara concentración da poboación e das actividades económicas nas áreas costeiras e nas grandes áreas metropolitanas, fronte a un interior menos urbanizado.

Esta desigual distribución das aglomeracións urbanas responde a causas históricas e actuais. O éxodo rural, especialmente intenso desde mediados do s. XX supuxo unha emigración masiva das zonas rurais máis atrasadas como Galicia e o interior peninsular,

fronte o maior desenvolvemento económico e industrial das áreas costeiras e de Madrid, que atraeron poboación e investimentos. Hoxe, o turismo e o dinamismo do sector servizos reforzan estas zonas. Pola contra, o interior presenta menor dinamismo económico e despoboamento.

O crecemento das cidades e aglomeración urbanas deu lugar a formación de grandes eixos urbanos. Tal e como observamos no mapa atopamos o eixo galego (1), en torno a Vigo e A Coruña, centrado no comercio, pesca, gandería e téxtil; o cantábrico (2) que inclúe Bilbao, Oviedo, Gijón, San Sebastián e outras; o eixo mediterráneo (3) (de Girona a Cartagena, con industria diversificada e un peso importante do turismo) o máis dinámico; e o eixo andaluz (cun eixo litoral (Almería-Huelva) e outro interior (Guadalquivir)). Ademais, deberíamos engadir o eixo do val do Ebro, que comunica Madrid co Mediterráneo e o Cantábrico, combinando industria e servizos, e a área metropolitana de Madrid, principal núcleo urbano de España, destacado polas súas funcións políticas e económicas.

O segundo mapa permite analizar a xerarquía urbana española. O conxunto de cidades de España (rede urbana) forma un **sistema**, entendido como un conxunto de elementos (as cidades) interrelacionados. A relación entre cidades establécese de forma **xerárquica**, segundo o **tamaño demográfico**, as **funcións** que desempeña, e a **extensión da súa área de influencia**.

Segundo a Teoría dos Lugares Centrais de Christaller, canto máis e máis especializados sexan os seus servizos (ópera, educación, sanidade, servizos financeiros, etc.), maior será a capacidade de influencia da cidade. Por exemplo, Madrid e Barcelona son os centros principais, actuando como polos de atracción nacional (principais centros financeiros, servizos de alta tecnoloxía, moi especializados...).

As cidades con maior tamaño demográfico son: **Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e Zaragoza**.

Así, segundo o seu tamaño e funcións as cidades terán unha maior ou menor área de influencia, ocupando un posto na xerarquía urbana. Nela destacan claramente Madrid e Barcelona como as principais metrópolis nacionais, xa que presentan o maior tamaño e unha ampla área de influencia que se estende a boa parte do territorio. Estas cidades concentran funcións políticas, económicas e financeiras de alto nivel. Por debaixo delas sitúanse outras cidades como Valencia, Sevilla, Bilbao ou Zaragoza, que actúan como metrópolis rexionais con influencia sobre amplas áreas do seu contorno. Xunto a estas aparecen cidades medias e pequenas, cunha área de influencia máis reducida e, en moitos casos, dependentes das grandes urbes.

A análise conxunta dos dous mapas permite concluír que o sistema urbano español está fortemente xerarquizado, xa que as cidades ocupan diferentes niveis segundo o seu tamaño, funcións e capacidade de influencia. Ademais, obsérvase unha certa bicefalia urbana, caracterizada polo predominio de Madrid e Barcelona como principais centros de decisión e organización do territorio. Tamén se identifican importantes eixos urbanos, como o mediterráneo, o cantábrico, o do val do Ebro ou o andaluz, que concentran boa parte da actividade económica e da poboación.

En definitiva, os mapas mostran un sistema urbano desigual e concentrado, no que as grandes cidades exercen unha forte influencia sobre o territorio, mentres que amplas zonas do interior presentan unha menor densidade urbana e unha menor capacidade de atracción.

### 3. Comenta a seguinte paisaxe urbana



#### Comentario dunha paisaxe urbana

Observa os seguintes documentos sobre a cidade de Toledo. Debes identificar a que parte da cidade pertence a vista panorámica que aparece abaixo e expoñer as súas principais características en canto a emplazamento, tipo de plano, usos do solo e tipoloxía construtiva, así como as principais problemáticas que presentan na actualidade este tipo de espazos.

Finalmente cita a Comunidade Autónoma á que pertence a provincia de Toledo e enumera o resto de provincias que pertencen a dita Comunidade.

A

imaxe correspóndese co casco antigo de Toledo, preto do río, no que destaca o seu histórico alcázar (á dereita na imaxe) e a Catedral Primada (á esquerda).

A cidade sitúase sobre un outeiro ou promontorio rochoso de gran valor estratéxico, rodeado polo meandro do río **Texo**. Esta localización buscaba historicamente a defensa natural e o control do paso polo río.

O casco histórico de Toledo presenta un **plano irregular** de orixe medieval. Caracterízase polas rúas estreitas e tortuosas, que carecen de planificación, con moitos rueiros sen saída (atallos) e prazas pequenas e irregulares. Este trazado é o resultado da superposición de culturas (romana, visigoda, musulmá e cristiá), destacando especialmente a herdanza musulmá na densidade e compartimentación do espazo. Os usos do solo hoxe son predominantemente terciarios (servizos e turismo). Hai unha gran concentración de museos, tendas de artesanía, hostalaría e edificios oficiais. Os usos residenciais aínda están presentes, pero en retroceso fronte aos usos turísticos. Tamén é sede de órganos de goberno da Comunidade Autónoma e institucións relixiosas.

O casco vello de Toledo ten un grande valor histórico e patrimonial, cunha gran densidade de edificios monumentais (igrexas, conventos, pazos) de diversos estilos: mudéjar, gótico e renacentista.

Porén, este tipo de espazos urbanos históricos enfróntanse a varios retos. A presión excesiva do turismo pode expulsar ao comercio tradicional e alterar a vida cotiá dos veciños. Moitos residentes trasládanse a zonas máis modernas e funcionais, o que baleira o centro de vida comunitaria estable. O trazado medieval dificulta enormemente o tráfico rodado, o transporte público e a mobilidade de persoas con dificultades. A rehabilitación e conservación de edificios antigos é moi custosa para os propietarios particulares.

En relación con isto debemos incidir no **proceso de xentrificación**, fenómeno estreitamente ligado á "turistificación". É un proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun barrio (xeralmente de clase baixa ou vella) é desprazada por outra de maior nivel adquisitivo ou por usos económicos máis rendibles. En Toledo, isto maniféstase na suba do prezo dos alugueiros e da vivenda, expulsando aos residentes de toda a vida que non poden asumir estes custos e na substitución do comercio local, xa que as tendas de barrio (panaderías, ferraxarías) desaparecen para dar paso a franquías, tendas de recordos ou negocios enfocados exclusivamente ao turista. Así mesmo, na proliferación de pisos turísticos, que baleira os edificios de veciños permanentes, transformando o barrio nun "parque temático" onde se perde a rede social e a identidade veciñal, así como na perda de servizos básicos (ao haber menos residentes fixos, as institucións poden reducir o investimento en servizos para a comunidade (escolas, centros de saúde), priorizando as infraestruturas para os visitantes).

A provincia de Toledo pertence á **Comunidade Autónoma de Castela-A Mancha**. As provincias que compoñen dita Comunidade son:

1. **Toledo** (Capital autonómica).

2. **Albacete.**
3. **Ciudad Real.**
4. **Cuenca.**
5. **Guadalajara.**